

# Letras Galegas

## 2016

- ✚ **mércores 18 de maio**, 5ª e 6ª hora:  
concerto de Arremecághona Monobanda.
- ✚ **xoves 19 de maio**, 5ª hora:  
conferencia de M. Núñez Singala:  
“En galego, por que non?”.
- ✚ **venres 20 de maio**, 6ª hora:  
concerto do alumnado do IES  
*Escolas Proval*, dirixidos pola prof.  
Paula Carreras.



Galiza somos nós:  
a xente e maila fala.  
¡Se buscas a Galiza  
en ti tes que atopala!  
Manuel María



IES Escolas Proval

Avda. de Portugal, 171 - 36370 Nigrán (Pontevedra)  
[ies.escolas.proval@edu.xunta.es](mailto:ies.escolas.proval@edu.xunta.es)  
Tfns.: 886 11 03 69 // Fax: 886 11 03 74

# Letras Galegas

## 2016

*O idioma é a chave*

*coa que abrimos o mundo:*

*o salouco máis feble,  
o pesar máis profundo.*



*O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,*

*o murmurio do vento,*

*a palabra de amor.*

*“A fala”, As rúas do vento ceibe*

Manuel María



## Arremecághona monobanda

O Leo é un artista polifacético, filólogo, poeta e docente. As súas actuacións en directo tenden a converterse en 'performance' e as súas obras reflicten un claro compromiso coa lingua galega e a sociedade. Desde versións acústicas e versións de cancións-protesta de autores galegos ata o estilo máis punk.



## Manuel Núñez Singala

Escritor e filólogo. Traballa na Universidade de Santiago de Compostela, onde dirixe o Servizo de Normalización Lingüística. Como sociolingüista imparte conferencias e escribe sobre a normalización do galego, os prexuízos e a peculiar relación que aquí temos coa nosa lingua.



## Paula Carreras Silva

Estudou no Conservatorio Superior de Música de Vigo licenciándose nas especialidades de Piano, Música de cámara e Linguaxe musical, transposición e acompañamento. Compaxina a súa actividade musical coa docencia. Na actualidade é profesora no IES *Escolas Proval*.

